



Sociedade Galega de Fisioterapeutas

(SOGAFI)

Revisión do “*Plan Galego de Atención Domiciliaria en Atención Primaria 2023 - 2027*”

Dende a Sociedade Galega de Fisioterapeutas (SOGAFI), e trala revisión do Plan Galego de Atención Domiciliaria, gustaríanos facer as seguintes apreciacións:

1. Consideracións previas.

A.- En primeiro lugar, estamos totalmente de acordo coa necesidade de desenrolar un **Plan a nivel autonómico para mellorala atención no domicilio.**

B.- Como ben indica o documento, xa no “*Plan galego de Atención Primaria 2019 - 2021*” se outorga unha gran relevancia a atención domiciliaria, onde agardamos que a Fisioterapia, representada polos fisioterapeutas que traballan na Atención Primaria (AP) de Galicia, poida aportar no eido domiciliario todo o seu potencial, encamiñado a mellorala saúde dos doentes, dentro dos Plans Locais de saúde.

Esta prestación de servizos domiciliarios dende a Fisioterapia de AP e Comunitaria, precisa, como é lóxico, do conseguinte **reflexo nas axendas dos fisioterapeutas**, cousa que ata o de agora, e tal coma se están a establecer as devanditas axendas dende a *Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria*, parece que non se contempla.

Dende SOGAFI pensamos que é un erro que aínda se pode corrixir xa que as axendas ate o de agora non foron publicadas; e como iremos xustificando ao longo deste documento, os fisioterapeutas somos profesionais sanitarios que podemos aportar moito nos domicilios, tanto aos doentes coma aos seus familiares/coiadores.

C.- Os fisioterapeutas formamos parte dos profesionais de Atención Primaria dende hai máis de 30 anos, e tal e como establece este Plan, “*a AP engloba o conxunto dos servizos prestados nos centros de atención Primaria, no domicilio e na comunidade*”. Polo de agora a Fisioterapia de AP e Comunitaria fáltalle que lle faciliten **poder desenrolar esta parte da súa actividade nos domicilios.**

2. Campos para intervencións da Fisioterapia Domiciliaria, segundo a proposta de Plan Estratéxico presentado.

4.1. *Liña estratéxica A: Impulso da atención domiciliaria dende atención primaria.*

- **Obxectivo estratéxico A.2:** *Priorizar a atención domiciliaria.*

Acción A.2.II:

Dende a Fisioterapia de AP podemos intervir nos domicilios **previndo a aparición de patoloxías do aparato locomotor, así como evitar o deterioro físico dos pacientes**, mediante a educación e a promoción do autocoidado baseado na realización de exercicio terapéutico, con recomendacións específicas segundo os procesos que presente o paciente. Ademais, tamén poderemos dotar de **ferramentas ao familiar/coidador** mediante a formación en cal é a mellor maneira de promocionar o autocoidado, achegando ao domicilio actividades que dende a Fisioterapia xa se realicen no ámbito Comunitario.

4.2. *Liña estratéxica B: Normalización da actividade domiciliaria na carteira de servizos de atención primaria.*

- **Obxectivo estratéxico B.1:** *Potenciar o servizo de atención domiciliaria dentro das carteiras de servizos das categorías profesionais de Atención Primaria.*

Acción B.1.I:

Débense **definir as funcións específicas da Fisioterapia Domiciliaria** e recollelas na nosa carteira de Servizos, para seren incluídas no modelo normalizado e integrador que se propón. Dentro destas **actividades que poden realizar os fisioterapeutas de AP no domicilio** atopamos:

Actividades de promoción da saúde e prevención da enfermidade:

- Promoción do exercicio físico.
- Prevención de caídas e outras lesións non intencionadas.
- Detección/intervención precoz do deterioro cognitivo e funcional.
- Detección/intervención precoz do deterioro físico.

Actividades de valoración e seguimento ás persoas con enfermidades crónicas e persoas maiores de risco:

- Identificación/intervención na fragilidade e complexidade en patoloxías crónicas musculoesqueléticas, respiratorias, metabólicas,..., que comprometan a funcionalidade.
- Valoración/intervención da sobrecarga do coidador.

4.3. *Liña estratéxica C: Creación dos Equipos de Soporte de Atención Domiciliaria.*

- **Obxectivo estratéxico C.2:** *Desenrolar iniciativas de soporte ás persoas cuidadoras.*

Acción C.2.1:

Dende a Fisioterapia de AP podemos **proporcionar apoio a familia e cuidadores** en canto a temas tan diversos coma a distribución de espazos no domicilio, a formación en mobilización de persoas dependentes, formación na realización de certos exercicios orientados a mellorar a funcionalidade global (motora, respiratoria,...), exercicios de autocoidado para o familiar/cuidador, uso dos recursos sociais dispoñibles para previr lesións do cuidador,...

4.4. *Liña estratéxica D: Dotación dos recursos necesarios para o desenrolo, implementación, seguimento e avaliación da atención domiciliaria*

- **Obxectivo estratéxico D.2:** *Potenciar a implantación das axendas de calidade das categorías profesionais de AP.*

Acción D.2.1:

Como xa comentamos no punto 1 de “*Consideracións previas*” deste documento, o primeiro paso para poder desenrolar a actividade Domiciliaria da Fisioterapia en AP será **adaptar as nosas axendas os requirimentos da atención domiciliaria que contempla este Plan.**

Deste xeito poderase **ofertar unha atención de Fisioterapia axeitada as necesidades concretas da persoa**, segundo se definan as funcións específicas que realizarán os fisioterapeutas de AP e Comunitaria, en concordancia cos recursos dispoñibles.